

Con fondos procedentes, na súa maioría, do Museo de Arte Moderna de Nova York e da Fundación Le Corbusier de París, o Caixaforum barcelonés presenta ata o 11 de maio unha exposición que percorre a traxectoria profesional –cabería dicir, case vital– do arquitecto nacido como Charles-Édouard Jeanneret en La-Chaux-de-Fonds en 1887. Como natural desta importante cidade reloxeira suíza, o seu destino profesional estaba encamiñado –vistas as súas habelencias e mais a ascendencia familiar– a ser deseñador de reloxos de alta artesanía. Sen embargo, ben axiña reorientou o seu oficio cara á pintura, primeiro, e á arquitectura, despois, por consello do seu mestre Charles L'Eplattenier, un notable pintor. En 1905 deseñou o seu primeiro edificio, la Ville Fallet.

Trasládouse a París e alí conectou cos movementos de vangarda. E iso incluía aprender unha nova técnica de construción: o formigón armado. Este material combinaba daquela unha estrutura metálica e a forxa de cemento, o cal permitía facer naves industriais con maior arco de luz e máis resistencia ao lume e á corrosión. Despois dunha estancia en Alemaña, dedicou todo o ano 1911 a viaxar por diversos países de Europa. En 1912 fixo a súa primeira construción individual, a Ville Jeanneret-Perret, tamén coñecida como a *Maison Blanche*.

Procurou as liñas rectas ou curvas sen recargar e mais os espazos diáfanos

Influenciado polas vangardas, Le Corbusier foi un defensor do maquinismo en tanto que concepto para pensar o mundo. En 1918 asinou con Amadée Ozenfant a revista *L'Esprit Nouveau*. Foi naqueles anos cando comezou a revolución na súa visión da arquitectura, en paralelo á que facían Mies van der Rohe e Gropius (e o grupo da Bauhaus), que coma el traballaran na oficina de Peter Behrens. Nas casas unifamiliares que lle encargaron aqueles anos, puxo en práctica algunhas das súas ideas: liñas rectas ou curvas sen recargar, facer entrar o sol no interior (luz, calor), espazos diáfanos (cubertos ou non) no interior, recupe-



Casa Curutchet (La Plata, Arxentina, 1949-53).



Le Corbusier (1887-1965).

Le Corbusier revolucionou a arquitectura cidadá do século XX na procura que a vivenda –o que el chamaba “a máquina de vivir”– axudase a acadar a felicidade. Algunhas das súas premisas eran construír o 12% do chan e dedicar o resto a espazo colectivo; fachadas longas, orientadas sempre a sur, e o corpo estreito, considerar o concepto de xardín vertical, dar prioridade ao cristal (fiestras) por riba do muro;

evitar o superfluo.

Dalgún xeito, foi pioneiro en deseñar un urbanismo medioambiental (o vertical é mellor que o horizontal). O problema –e con-

blico e investimento social a prol da comodidade dos traballadores.

Por contra, e cando houbo as grandes migracións cara ás zonas

gón, pero sen coidar ás veces a calidade dos materiais e, naturalmente, esquecendo aquilo dos espazos colectivos: se cabían, máis bloques.

Velaí o exemplo das banlieus, dos nosos polígonos (recente o caso de Gamonal) ou xa, no inferno, aquelas promocións de “vivendas sindicais” que non eran senón barraquismo vertical, antítese da felicidade e berce dunha nova delincuencia

A revolución doméstica

tra iso chocou o seu idealismo –é que os seus proxectos só podían ser levados adiante pola iniciativa pública. O ideal era chan pú-

industriais (París, norte de Italia, Barcelona e Madrid) a iniciativa privada aproveitou a idea de construír en bloque e con formi-

Deseñar a felicidade

Le Corbusier e a arquitectura democrática

JOAQUIM VENTURA

rar o chan ocupado pola edificación con espazos de utilidade –o piso elevado con piares de formigón– e translación da zona de xardín á azotea, que actuaría de illante térmico ao desbotar o tellado convencional.

Pero eses proxectos non completaban a dimensión artística e utilitaria das súas ambicións arquitectónicas. Despois do fracaso no concurso do Pazo dos Soviets moscovita (1932), tentou traballar na Italia de Mussolini e fixo proxectos para diversas cidades europeas, entre elas Barcelona pola súa relación cos arquitectos do GATCPAC, que construíron a Casa Bloc en Sant Andreu (Barcelona), exemplo da arquitectura colectiva que Le Corbusier pregoaba.

Finalmente, tivo que ser rematada a Guerra Mundial cando obtivo un proxecto desta índole: a Unité d'Habitation, en Marsella, que construíu entre 1947 e 1952. Daquela, xa aplicaba a técnica do formigón á construción de casas e non só de industrias. Este complexo de 337 vivendas permitiulle a Le Corbusier unha empresa de deseño integral, incluído aproveitar a auga, o calor e os espazos (teatro, zonas deportivas e comerciais). Malia algúns problemas posteriores que houbo de arranxar e que foi alcumado como “a casa do tolo”, o arquitecto reafirmábase cando sostiña que xa daquela “os mozos non teñen vivenda. Un problema público, unha desgraza”. Concepto que aplicou noutro conxunto en Berlín.

Uns anos despois, chegou o segundo gran proxecto: a cidade de Chandigarh, a construír ex novo para capital dos estados indios do Panjab e de Khariana. E o máis coñecido: a igrexa de Ronchamp, na Alta Saona. E tamén o máis minimalista: o seu “pazo” de tres por tres metros canda un penedo en Rocabruna, na Costa Azul, onde pasaba as súas vacacións e onde morreu en 1965.